



# Carvalho Calero

## **Unha lembranza en tres tempos**

Pilar Pallarés

## **Entrevista a Margarida Carballo Ramos**

María Pilar García Negro e Xoán Carlos Garrido Couceiro

## **Entrevista a María Victoria Carballo-Calero Ramos**

María Pilar García Negro e Xoán Carlos Garrido Couceiro

## **Aos escolares; aos universitarios; aos galegos**

[ Manifesto publicado en 1933 ]

## **Entrevista radiofónica a Carvalho Calero en RNE**

[ Transcripción da entrevista realizada no ano 1980 ]

## **Carvalho Calero: a palabra viva dun intelectual inmorrente**

[ Entrevista xornalística publicada en 1990 ]

# Unha lembranza en tres tempos

**TEMPO PRIMEIRO: COMPOSTELA, 1979-1980.** O vello profesor en Mazolelos. Recén chegada do minúsculo Colexio Universitario da Coruña, onde o curso de 3º de Filoloxía Hispánica está integrado por seis rapazas, todo impón en Santiago: as rúas co pouso de xerazóns, as clases maxistras que Carvalho Calero imparte. É adusto e distante. Agacha a cordialidade tras a máscara da ironía.

Condúcenos da man polo país luminoso da nosa lírica medieval. Ten grande prestixio. Para moitos é a primeira vez en que o profesor é tamén o autor dos libros nos que estudamos: a *Gramática elemental del gallego común*, a *Historia da Literatura Galega Contemporánea* que eu xa comprei na tradución española de 1975, pois haberá que agardar ao 1981 para unha nova edición en galego, agora esgotada.

Algo sabemos del, pero non moito. Talvez que ocupa esta cátedra desde 1965, primeiro interinamente, despois por oposición; talvez que nós imos ser os seus derradeiros discípulos nas aulas. Será debido a iso o ar de melancolía, unha certa tristeza?

Con el a nosa lingua deixa de ser submisiva e cativa. Agrándase e lévamos a un pasado esplendoroso, mais tamén a lonxincuos países de África e de América. E a Goa, e a Lisboa, que aínda ten para min o exotismo do descoñecido. O idioma humillado dos pais e dos avós é unha alfaia perfecta e abre portas.

Como temos vinte anos e lémos pouco a Castelao, ignoramos que os vellos tamén tiveron mocidade. Sorprenderíamos imaxinar o profesor como xoven audaz -decote serio- publicando poemas e libros con catorce, con dezaioito anos; ditando conferencias sobre as ideas comunistas de Platón; escribendo opúsculos sobre a entrada da Forza Pública na Universidade de Santiago en 1931; presidindo a FUE. Ousado vangardista, crítico literario precoz, secretario do Seminario de Estudos Galegos; corredactor do anteproxecto do Estatuto de Autonomía.



Ricardo Carvalho Calero con Pilar Pallarés e Francisco Pillado na alameda de Santiago

Esta melancolía súa terá que ver co pasado perdido ou co presente? Estarase a despedir connosco do maxisterio e da vida pública? Estará xa adentrándose no eremitorio?

O pasado perdido. Tampouco sabemos aínda que foi tenente do Exército da República, que a defendeu nas frentes de Madrid, Valencia, Andalucía; que pola República sufriu dous anos de cárcere en Jaén. Logo, o exilio interior: a inhabilitación para ocupar cargos públicos, a escasez, o silencio. Viver morrendo:

[...] *Muitos morrerom, mas nom falo agora desses mortos; falo dos que tiverom que viver morrendo entre os seus matadores, lendo a imprensa que de lama os enchera, saudando as insígnias contra as quais militaram.*

*Como pudemos viver? E mais vivêmos.*

*E comêmos, dormímós, engendrámós Crianças [...]*

(*Reticências...* [1986-1989], 1990).

En tanto *os olhos múltiplos e insones / de Medusa* o espreitaban, tiña el feito moito máis do que comer-dormir-enzendrar. A Gramática e a Historia da Literatura nas que estudábam, os innúmeros ensaios lingüísticos e literarios. E a poesía, a narrativa, o



teatro que, ao tempo que nos daba aulas, andaba a criar ou a recompilar.

**TEMPO 2: COMPOSTELA – A CORUÑA, 1983-1990.** Con certeza é este o noso primeiro reencontro. A mesma Compostela, mais eu son agora a profesora. Participamos os dous nunhas “Xornadas de Poesía Galego-Portuguesa-Brasileira”. A foto que tirou o fotógrafo da Alameda amósanos con Manuel María, Cesáreo Sánchez Igle-



Ricardo Carvalho Calero e María Ignacia Ramos no aeroporto de Ezeiza en Buenos Aires (1974). Ricardo Carvalho Calero na foto superior compartindo unha cena de homenaxe con amigos e discípulos seus, abaixo nun acto académico



sias, Eugénio de Andrade, Nacho Taibo e Pancho Pillado, entre outros. Pancho e eu aínda faremos outra con el antes de o acompañar á casa da Carreira do Conde. Ás portas dela, nos momentos da despedida, bícoo na meixela en lugar de apertarlle a man, nunha arroutada. Algo muda para sempre na relación co vello profesor. Esgaza a máscara.

Pouco tempo despois, hei vir repetidas veces desde A Coruña -sempre, iso si, como copiloto- recollelo. O *holding* silencio e marxíno, teima en fechalo no eremitorio, mais mantémolo no activismo os novos. Os de "Alexandre Bóveda", os de AGAL, os da "Asociación de Escritores en Lingua Galega". Cando saímos de Compostela, sempre avisa da súa predilección pola autoestrada. Tararea zarzuelas, distendido. Parola, de súbito locuaz, despois das conferencias. Os antigos alumnos somos tratados agora como camaradas. Estanos a pasar un facho.

Hai unha noite especial. A AELG celebra o centenario do falecemento

de Rosalía cunha cea-homenaxe no "Hotel Xelmírez". Intervenien Manuel María e Uxío Novoneyra, por entón presidente da Asociación. A min encárréganme ler o Manifesto desta. Antes fala don Ricardo, como *testemunho de unha geração que cumpriu a súa tarefa e que passou a outras mans as armas com que outrora luitou polos mesmos objetivos por que vós agora luitades*. O discurso é tan preciso e emocionante que ficamos desolados porque ninguén se ocupou de o gravar. El accede a reproducilo nun café próximo.

**TEMPO 3: GALIZA, 1990-HOXE.** Xa morto Carvalho, vouno descubrindo como criador. Teño que escolmar para a Colección Esquío os seus poemas<sup>1</sup>. A ollada crítica non é quen de embazar a fascinación que me porvocan lidos agora, ordenada e disciplinadamente. Van deseñando un complexo

<sup>1</sup> *Fillo de Eva (88 poemas de Ricardo Carvalho Calero)*, Ferrol, Col. Esquío, 1992.

retrato interior. Non é doado trazar os seus contornos. Xa el propio amosou en *Scórpico* que gardamos dentro un imenso espazo de sombra que nunca se consegue iluminar por inteiro. Así Carvalho é, nun xogo de espellos múltiples, o "anxo de terra" e o vendimador de anxos, Anquises, un moderno Tristán con auto deportivo, un leopardo ao que couda a lectura da Biblia, o neno que pacta con Deus a perennidade dos seus. É o vello David e o aprendiz inexperto que ousa esculpir por vez primeira unha cabez de deusa. Tamén o home, xa canso, que ve caer -como neve- a mágoa mentres "bate o nordés Fingoi". Sempre, un pouco envexoso acaso da capacidade dos "fillos de Lilith" para gozaren plenamente da existencia, o que se sabe da estirpe dos "fillos de Eva", co peso da razón e da culpa, soñador dun Avalón onde moren en harmonía o divino e o carnal. Un Edén libre *da repressom / de invejosas potências e ciumentos poderes*. Talvez alí agarda ■